


Conexión wifi

Pode conectarse á rede RCXG-Externos mediante un destes métodos de validación: **certificado software FNMT** ou **DNle**. Se non dispón de ningún destes métodos, pode establecer a conexión mediante a **solicitud dun usuario de conexión** (consultar páxina 4). Dependendo do sistema operativo do teu dispositivo, debe seguir os pasos correspondentes.

Windows 10 / Windows 11

Conexión mediante certificado software da FNMT ou DNle

- 1 Prema na icona das redes sen fíos e seleccione **"Configuración de red e Internet"**.



- 2 En "Configuración de red avanzada" seleccione **"Centro de redes y recursos compartidos"**.

- 3 Prema en **"Configurar una nueva conexión o red"**.

- 4 Escolla **"Conectarse manualmente a una red inalámbrica"** e prema **"Siguiente"**.

- 5 Configure os campos desta maneira:
- Nome da rede: **"RCXG-Externos"**
 - Tipo de seguridade: **"WPA2-Enterprise"**
 - Tipo de cifrado: **"AES"**
 - Iniciar esta conexión automaticamente: **marque a caixa de verificación**
 - Prema **"Siguiente"**.

- 6 Seleccione **"Cambiar la configuración de la conexión"**.

- 7 Seleccione a lapela **"Seguridad"** e modifique o método de autenticación de rede:

- Tipo de seguridade: **"WPA2-Enterprise"**
- Tipo de cifrado: **"AES"**
- Método de autenticación de rede: **"Microsoft: Tarjeta inteligente u otro certificado"**

Prema en **"Configuración"**.


(Continuación na páxina 2)

Unha vez realizados os pasos anteriores, escolla o **método de validación** que poida utilizar segundo o recurso do cal dispón e siga os pasos correspondentes.

A

Certificado software FNMT (Se xa o ten instalado no seu dispositivo)

8



Faga a configuración tal e como aparece na imaxe e prema **"Aceptar"**.

9

Na zona inferior dereita da pantalla prema na icona de **"Redes Inalámbricas"**, seleccione **"RCXG-Externos"** e prema **"Conectar"**.



10

Selecione o seu certificado FNMT e prema **"Aceptar"**.




*** Importante:** Para conectarse á rede en vindeiras ocasións, prema na icona , seleccione **"RCXG-Externos"** e **"Conectar"**. Para o **DNle** seleccione o método de validación e insira as súas credenciais.

B

DNI electrónico (Se dispón del no seu dispositivo)

8



Faga a configuración tal e como aparece na imaxe e prema **"Aceptar"**.

9

Prema **"Aceptar"** en todas as ventás. **Insira o seu DNI nun lector apropiado.** Aparecerá un aviso na parte inferior dereita para o emprego do DNI. Prema **"Aceptar"**.

10

Na zona inferior dereita da pantalla prema na icona de **"Redes Inalámbricas"**, seleccione **"RCXG-Externos"** e prema **"Conectar"**.



11

Insira o **código PIN** do seu certificado do DNle e prema **"Aceptar"**.



MacOS

Certificado software FNMT (Se xa o ten instalado no seu dispositivo)

- 1 Acceda a "**Llaveros**" e seleccione "**Mis certificados**".

- 2 No menú "**Arquivo**" escolla "**Importar ítems...**".
- 3 Seleccione o seu certificado e prema "**Abrir**". Insira o **contrasinal** e xa poderá ver o certificado no aplicativo "**Llaveros**".
- 4 Vaia á icona de "**Redes Inalámbricas**" e seleccione a rede "**RCXG-Externos**".

- 5 Configure os campos desta maneira:
 - Modo: "**EAP-TLS**"
 - Identidade: escolla o seu **certificado dixital**
 - Nome de usuario: o seu **DNI**Prema "**Acceder**".

Ubuntu

Certificado software FNMT (Se xa o ten instalado no seu dispositivo)

- 1 Na zona superior dereita da pantalla, prema na icona de **redes inalámbricas** e seleccione a rede "**RCXG-Externos**".

- 2 Configure os campos desta maneira:
 - Seguridade inalámbrica: "**WPA y WPA2 enterprise**"
 - Autenticación: "**TLS**"
 - Identidade: **o seu DNI**
 - Certificado do usuario: **seleccione o ficheiro "cert.pem" do seu certificado**
 - Certificado CA: **sen modificar**
 - Chave privada: **seleccione o ficheiro "key.pem" do seu certificado**
 - Contraseñal de chave privada: **deixe en branco**
- 3 Faga clic en "**Conectar**".

Se non dispón de certificado dixital, pode **solicitar a creación dun usuario** para establecer a conexión á rede sen fíos. Nesta guía explícanse os **pasos xenéricos para calquera sistema operativo** e logo os específicos para Windows e ChromeOS, pero pode conectarse á rede independentemente de cal teña no seu dispositivo (MacOS, Ubuntu, etc.).

Conexión mediante usuario

Pasos xenéricos (3):

1 Vaia ás **redes sen fíos** e seleccione a rede wifi **"RCXG-Convitados"**.

2 Será redirixida/o a un portal con información. Faga clic na ligazón **"aquí"** para solicitar un contrasinal de usuario.

Se non dispón dun certificado, pode solicitar un contrasinal de usuario empregando o seu teléfono móbil **aquí**.



3 Cubra os datos desta maneira:

- Teléfono: **o seu número de teléfono móbil**
- Código: **o código que lle amosa a imaxe**
- Confirmar: **marque a caixa de verificación**

Prema **"Rexistrar"**.


4 Para evitar problemas de conexión automática, logo debe eliminar a conexión coa rede **"RCXG-Convitados"** do seu dispositivo.

Windows 10 / Windows 11

5 Na zona inferior dereita da pantalla faga clic na icona de **redes sen fíos**.



6



Selecione **"RCXG-Externos"** e prema en **"Conectar"**. Se non atopa a rede, empregue a barra lateral para navegar polo listado.

7 Unha vez recibidos por SMS os datos de acceso, insira as credenciais:

- Nome de usuario: **o seu nº de teléfono**
- Contrasinal: **o código facilitado por SMS**

ChromeOS

5 Faga clic na barra de ferramentas da esquina inferior dereita da pantalla e seleccione **"Configuración"**.

03:02 Invitado

6 En "Conexión a Internet" prema **"Añadir Wi-Fi"**.

7 Prema en **"Opciones avanzadas"** e cubra desta maneira os campos:

- SSID: **"RCXG-Externos"**
- Método EAP: **"PEAP"**
- Autenticación fase 2: **"MSCHAPv2"**
- Certific. CA servidor: **"No comprobar"**
- Certificado usuario: **deixe desactivado**
- Identidade: **o seu teléfono móbil**
- Contrasinal: **código recibido por SMS**
- Identidade anónima: **deixe en branco**

Faga clic en **"Conectar"**.